




EN GALEGO

MÓVETE
POLA

IES AQUIS
CELENIS

EDITORIAL

ÍNDICE



Ruxe ti!, ruxe ti tamén!, entre todos e todas hai un gran estrondo, ese é o Ruxe-Ruxe que xorde dese estoupido de letras, que unha e outra conforman as nosas viaxes, a nosa común lingua, pola que moverse e bailar, debuxar, xogar, sorrir, e facer grandes e pequenas palabras coma as que saen de ti, e de ti tamén. Así que agora xa estamos todos e todas, e Ruxe-Ruxe a lingua-lingua que só é unha, e nós somos moitos e moitas, e xa nada poderá deternos, o Umia transporta as nosas letras, na carballeira das árbores penduran as nosas letras, no malecón namoran as nosas letras, e cando anoitece e vai calor es ti, e ti tamén, quen as xunta e di cousas tan fermosas

IES AQUIS CELENIS

Mariñoleiras sn

36 650 Caldas de Reis—Pontevedra

<http://centros.edu.xunta.es/iesaquiscelenis>

Normaliz...acción 2

Crea...acción 3

Vinganza 3

Microrrelatos 5

En cal das letras 8

Con-fabul...ando 12

Viax...ando 13

E isto é portugués...? pero se falan coma nós! 13

Viaxe a Italia. Caderno de bitácora 14

Melgaço 18

Idag...ando 20

Caldas é auga 20

Pervivencia do imaxinario popular da nosa vila 22

Pregunt...ando 26

Entrevista a Pinto e Caruncho 26

Concurso de regueifas 28

Entrevista a Teresa Moure 29

Reflexion...ando 33

Linguas cruzadas 33

Paula tiña unha familia pequena 36

Fábula: con lingua na raíz 37

E agora que? 38

Falan as paredes 38

Co-labor...acción 39

Grupo de igualdade 39

A distribución dos espazos 40

Manifesto 41


Álbum de fotos 42

Asin... ando 44

Normaliza... acción

Somos moit@s os que nos movemos pola lingua.


Para o 2009 propuxémonos deixar atrás os prexuízos e dar a cara pola lingua




Lanzamos o programa **gaLEgo**: Colaboramos coa biblioteca para conseguir que a xente lea máis: mochilas viaxeiras para as familias e... a que non o sabíades?: tamén para o profesorado, co programa **profelectores** engan-chámoslos á lectura .



Declaramos o noso compromiso, lembrazas?: por amor á lingua, namora en galego



E xogamos contigo ao escondite: agora xa o usas???



Este curso formamos tamén a Coordinadora de Normalización Lingüística de *Terras do Umiá*. Velaí un dos cartaces feitos para un dos Certames intercentros (neste caso de Banda Deseñada.)



E para rematar... recorda



A caldeiradas!!!!

Crea... acción

Vinganza

Alba García Arca, 2ºBach

Algunha vez pensaches que unha pequena decisión pode cambiar para sempre o curso da túa vida... ou da túa morte...?

A miña decisión foi saír pasear aquela noite. Camiñaba distraidamente cando a vin. A súa melena roxa coma o lume facía xogo cos seus beizos. Os seus ollos dun gris pedra mirábanme facéndome tremer coma se un chorro de aiUGa xeada esvarase polas miñas costas. Levaba un estraño vestido negro cun escote que lograba que eu non puidese apartar a vista dos seus seos. Achegueime a ela, nunca fixera algo así pero non podía evitalo, coma se unha man invisible me arrastrara.

Ao vela de cerca fixeime na súa branca pel e non puideron evitar pensar que parecía unha moneca de porcelana.

Ía dicirle algo pero ela levou un dedo aos beizos para indicar que non falase. Colleu a miña man entre as súas e colocouna sobre un dos seus peitos. O meu pulso acelerouse e tiveron que facer verdadeiros esforzos para non excitarme.

Ela quitou a miña man do seu seo e suxeitouna con suavidade. Empezou a camiñar arrastrándome tras de si. Eu nin siquiera me preguntaba a onde me levaba, tan só pensaba en sentila baixo o meu corpo..., só quería

que fose miña...

Detívose diante dun edificio con pinta de abandonado. Entón vin que tiña una venda na súa man. Tapoume os ollos e notei como tiraba de min cara ao interior do edificio. Non podía ver nada debido á venda e tampouco escoitaba ningún ruído. Ela seguía tirando de min ata que finalmente se detivo e me empuxou, de modo que quedei tumbado sobre unha superficie lisa. Quitoume a camiseta e atoume as mans. Notei con pracer como percorría o meu torso coa súa lingua, dando pequenas mordedelas aquí e alá, facéndome xemir de pracer. Unhas mans aloumiñaron o meu pelo, mentres outras se deslizaban polo meu peito e o meu pescozo... non o entendía... entón alguén me quitou a venda e na penumbra vin que agora eran cinco as mulleres que había ao meu



Antía Guimarei

rededor. Eran todas moi brancas coma a muller de pelo roxo e coma ela tamén levaban estraños vestidos longos bastante sensuais. A muller que me levara a aquel lugar miraba agora a escena cos seus ollos fríos, aos pés da superficie na que eu me encontraba tumbado, manténdose á marxe mentres as outras cinco xogaban co meu corpo.


Entón achegouse. As demais apartáronse un pouco. Os seus beizos rozaron a pel do meu colo. Tragui cuspe e souben que ela o notará. Entón chantou os seus dentes no meu colo. Tratei de resistirme mentres podía sentir tamén como as outras mulleres se achegaban de novo e empezaban a rabuñarme o torso coa ansia dunha manada de lobos.

A muller do cabelo roxo continuaba bebendo avidamente da ferida do meu pescozo. Levantou a cabeza despois dun tempo. Os seus labios estaban máis vermellos que nunca e parecía chea dunha renovada enerxía. Un aceno de satisfacción cruzou o seu frío e fermoso rostro e bicoume facendo que eu notara o sabor do meu propio sangue na miña boca. Desatoume e vin como todas as mulleres desaparecían nun mar de as de morcego e cairos asasinados.


A seguinte vez que abrí os meus ollos estaba pálido, tiña fame... pero non de comida... non estaba vivo... pero tampouco morto... un ser sen alma...

A razón da miña existencia é esa muller... búscalo onde queira que vaia... a miña única intención é encontrala... pois non me sentirei en paz ata sentir como o sabor do seu sangue percorre a miña lingua...

Premio da ONCE



Este é o traballo gañador de Manuel, Caroline, Lidia e Rubén (coordinados polo seu titor, José Manuel Álvarez) de 4º de ESO na fase provincial do XXV concurso de carteis da ONCE co lema "Ler e escribir é poder vivir en igualdade", con motivo do bicentenario do nacemento de Luis Braille, creador do alfabeto que leva o seu nome. No concurso participaron máis de 50000 escolares.




A prensa fíxose eco do bo facer dos alumnos e alumnas

CATEGORÍA A /ESO

Unha vez, hai uns cantos anos, unha nai de familia chamada Amalia tiña nunha habitación cun armario sen ocupar. O armario era forte, ben coidado e grande. Amalia decidiu meter nel as lembranzas, as fotografías, a roupa vella e as figuras especiais de hai moitos anos. Logo dun tempo esa habitación deteriorouse e ao chover o armario encheuse de auga por tódalas partes. Os recordos que se gardaban alí estaban completamente empapados de auga, pero un en particular quedou intacto, era unha foto de toda a familia, e co seu porquiño.

Cristina Sánchez Caldas, 2º ESO



Comezou a chover, e pequenas pingas de auga caían do ceo como as bágoas que acababan de nacer nos meu ollos.

Bágoas que chegaban ás miñas meixelas, meixelas onde ti deixaches os últimos bicos de despedida; bágoas que caían polos meus beizos, beixos que desexaban probar os teus como antano o facían; bágoas que saboreaban a miña lingua, lingua que hai pouco estaba unida á túa, nun forte abrazo que nunca parecía rematar.

Bágoas que quedaron por sempre no meu corazón, corazón que aínda te segue querendo.

Antía González Barral, 2º ESO

Textos seleccionados para o concurso de microrrelatos Terras do Umia



A SOPA GALEGA (REMEDIO LINGÜÍSTICO)

Xoán xa rematara todos os deberes e como era venres pensou que podía facer unha sopa, pero non unha calquera senón unha sopa de palabras en GALEGO! Xa que o galego se está deixando de usar, facer unha sopa e darlle un pouquiño a cada persoa sería un remedio xenial.

Preparou unha pota ben grande, púxo a enriba da cociña e encheuna de auga. Cando esta fervía comezou a botarlle todos os ingredientes, que eran os seguintes: unhas areíñas de sal, e o fundamental, as palabras: amor, morriña, galegos, paixón, remordementos, auga, Galicia, lacón, tenruira...

Cristina García Mella, 2º ESO

A tradición da morte

Tódolos anos polo 1 de maio reuníanse 17 mulleres en San Andrés de Teixido para comer xuntas, ata que lles chegou o día e foron morrendo unha tras outra. Os maridos das falecidas decidiron continuar coa tradición e foi así como acordaron que cada 1 de maio subirían a San Andrés de Teixido cun ramo de rosas vermellas para tirar ó mar por cada unha delas. Os maridos sempre dicían que as mulleres non ían alí a comer senón a ver como a auga das ondas rompía cóntra as rochas embriagándoas de pracer.

María Veiga Santos, 4º ESO



Antía Guimarei 1º C

Gotas que caen

Non sentía dor, nin fame, nin tristeza, nin felicidade. Aquel sitio era o único da casa no que esquecía aqueles querereres, aquelas caricias que el lle daba.

A auga tranquilizábaa, por iso estar na bañeira lle daba paz. Cos ollos pechados seguía vendo o rostro da besta. O son das gotas caer espertouna dos recordos. A auga da bañeira adquiría unha cor que xa lle resultaba familiar. ¿Sería o seu fin? Non perdería tan facilmente a batalla. Oíu os pasos da besta, e decidiu enfrontarse a ela.

Cristina Agrelo Janza, 3º ESO

CATEGORÍA B / BACHARELATO

Volveu e fíxoo para amosarlle que xa nada era como cando mesturaba as cores coa auga.

Fabiola Aboy García, 1º E

Un fatal descoido

Non, non bebas diso que non é...! ... auga...

Juán José Arzúa Lourido, 1º C

Onte coñecín un home. É o meu príncipe azul. Eses ollos azuis resplandecentes, o seu cabelo castaño cubríndolle a fronte, ese corpo tan fermoso é o máis belo que un na miña vida. Suñoño que el tamén me quere, iso espero. Gustaríame poder quedar con el, pero dubido que me deixe a miña nai. Teme que calquera día veña con algo máis á casa. Non sei por que non confía en min. Quero ser independente e ter control sobre min mesma. Necesito auga nova para poder refrescar a miña vida e deixar de ser unha rapaza.

Irene Díaz Rama, 1º E

Muller de vida alegre

As sabas están molladas.

Non ha de ser auga exactamente.

Julián González Rodríguez, 1º C

Encoro do Umia

Auga?

Disque.

Juán José Arzúa Lourido, 1º C

CATEGORÍA C / PROFESORADO , ANPA...



Chema Pazos

Levaba alí toda a mañá, no límite entre a luz e a escuridade, na fronteira do inevitable. Levaba horas sobre ese abismo redondo e negro que ameazaba con engulila. Estaba cansa de pelexar contra a gravidade, sabía que calquera momento xa non podería máis e acabaría por caer. Comprende que non había nada que facer, que o seu esforzo era inútil, e de súpeto o desexo de acabar foi máis forte, empezou a estirarse, a estirarse, un pouco máis, un pouquirrichiño máis, e ¡zas!, saltou por fin ó baleiro, era o seu destino. Pobre pinga de auga!

Manuel Rosales

Bágoas

Naquel casullo cada vez sentía de maneira máis intensa a necesidade de auga. Certamente, a imaxe era ben ridícula: cabelo cuberto con revestimento prateado, como calva de marciano, e logo a secar no artefacto aquel que bruaba. Non sentía nin os pensamentos, só a sede.

Tiña sede, claro!, aquel aparello daba moita sede, mais era tan profunda a súa seca... precisaba auga e a ela xa non lle quedaban máis bágoas que chorar.

Ana Rial

Acróstico

Apesares de sabelo
Utilizámola sen recato
Gustaríame convencervos
A facelo con coidado.

Dolores Castro

Eo

Eo, eo, eo... Ceo, ceo, ceo... Verde, verde, verde... Auga, auga, auga... Guapo, guapo, guapo... Parvo, parvo, parvo... Lercha, lercha, lercha... Que ben, ben, ben... Isto é enorme, norme, orme... Baixamos? Xamos? Amos? Agarda, garda, arda... Non, non, non... Que non arda, arda, arda... Que ben se está no monte, onte, onte...

Teresa Carballo

Lonxa-no recordo: Memoria de peixe

Non o sabes. Pero PODERÍA... coñecerte unha noite... traería croassans (ou medias lúas turcas) para mollar no te verde. Miraríamos mininos na praza. Interpretaríamos nubes, almorzaríamos soños. PODERÍA facer trenzas no teu-meu pelo. Bicarche no pescozo dozura, levarte a París por sorpresa. Bañármonos nus... en AUGA salvasse. Mais tras unha noite a media-lus media-hora marchei porque despois PODRERÍA, aparecería ineludiblemente ese se-R e PODRERÍA... infectarche a miña desgracia, enganarte cada dous anos. PODERÍA finxir que todo foi coma ao principio. Ameite con loucura 30 minutos, fuxín, arrinquei o motorR, e refuxieime na PODRE RÍA de Pontevedra.

Pedro Lamas

CONCURSO EN CAL DAS LETRAS?

Narrativa: ESO

Cristina García Mella, 2º ESO

Sara é unha nena de trece anos que vén do continente africano. Chegou a España hai dous meses e estase instalando nun instituto público. A súa vida, aínda que agora viva aquí, non é precisamente a que todos desexariamos ter xa que cando chega da escola ten que facer a súa propia comida, facer os deberes, limpar a casa, coidar da súa irmá e outras moitas tarefas semellantes.

O primeiro día de clase, Sarah sentiuse moi rara xa que todos a miraban de malas maneiras e pasaban dela, excepto un, Ismael. El era un neno da súa mesma idade que tamén era discriminado por toda a clase, e sempre andaba só. Sarah preguntoulle por que sempre andaba só e ninguén lle falaba, entón el díxolle que era por ser homosexual; Sarah nunca oíra esa palabra, entre outras razóns porque aínda lle custaba moito entender o galego e non comprendía o significado, pero el explicoulle que ser homosexual significaba que lle gustaba unha persoa do seu mesmo sexo, entón ela así xa o comprendeu. Dende aquel día Sarah e Ismael fixéronse dous amigos inseparables e facían xuntos os deberes, contábanse as cousas de ambos, aguantaban os insultos e discriminacións dos demais...

Un día, cando estaban tomando o bocadillo no banco do parque, Ismael preguntoulle a Sarah por que a súa familia

e mais ela tiveran que vir a vivir para Galicia, entón ela comezou a contarlle a súa historia:

- Verás, un día chegamos a miña nai, a miña irmá e mais eu do mercado e encontramos a meu pai tirado no chan coa boca tapada e as mans e os pés atados, desatámolo e cando se recuperou un pouco preguntámoslle que ocorrera. El díxonos que viñeran os soldados e o ameazaran con matalo e violarnos a nós as tres se non lle dabamos o setenta e cinco por cento das terras ao seu xefe militar. A verdade é que estabamos desesperados e non sabiamos que facer, entón o meu pai dixoo que o mais seguro era marchar para outro lugar fóra desas terras para que non nos collesen os soldados, pero era unha tarefa bastante complicada xa que os soldados tiñan controlados todos os arredores e non había medios posibles para saír. Ese día non podiamos facer máis, entón decidimos deitarnos a durmir para poder madrugar ao día seguinte e planear mellor a fuxida. Á mañá seguinte meu pai espertounos moi cedo porque xa tiña a solución perfecta para poder fuxir sen sermos descubertos polos soldados. Todas as mañás á hora que comeza a saír o sol, unha caravana de comerciantes dirixese cara ao estreito de Xibraltar para exportar dende alí cara a España grandes cantidades de mercadorías, nós debiamos de estar preparados a esa hora para que cando pasasen por diante da nosa vivenda pegar un bo salto e colarnos entre a mercadoría. E así o fixemos, xunto cando pasou a caravana o meu pai saltou enriba e axudounos a subir a nós tamén; e así puidemos chegar ata o estreito e atravesar o mar sen sermos descubertos polos soldados.

Despois de contarlle isto, Ismael quedou abraiado co que tivera que pasar Sarah e como o tiña tan intrigado seguíulle preguntando como fixeran para adaptárense a esta nova vida, así ela contoulle por riba como fora e como é:

- Pois cando chegamos, meu pai xa se puxo rapidamente a buscar un traballo pero, iso si, moi coidadosamente, xa que nós non tiñamos papeis e podían deportarnos. Pero pronto encontrou

unha empresa na que o xefe tiña traballando de maneira ilegal a gran parte dos seus obreiros, e cos cartos que ía gañando ao mes comprabamos comida, arranaxabamos os papeis e íamos aforrando algo para poder buscar unha vivenda sinxela que nos servise para durmir, facer a comida, lavarnos algo e facer as necesidades, o máis básico xa que como comprenderás, vivir no lugar onde se gardan

as ferramentas da empresa na que traballa teu paia, non é do máis cómodo e saudable. Pero cando tivemos os papeis xa amañados alugamos un baixo bastante económico e trasladámonos alí. Actualmente meu pai está traballando nunha empresa na que gaña bastante diñeiro e a miña nai tamén traballa polas tardes limpando unha vivenda.

A Ismael conmocionábao cada vez máis a situación e facíasele máis agradable a compañía de Sarah.

Un día a mestra mandoulle facer unha redacción sobre un tema: a cousa máis inxusta e as solucións que lle darían.

Ismael non o dubidou nin un instante e escribiu a redacción sobre a historia de Sarah, á que lle puxo de título unha "Unha historia real". Ao día seguinte a mestra mandoulle saír a cada un ler a redacción diante dos compañeiros e no momento en que saíu Ismael todos os rapaces comezaron a insultalo e a tirarlle papel mais a el non lle importou porque sabía que ao que lles lese a redacción algo cambiaría nas súas mentes e cambiarían os seus pensamentos discriminatorios, sobre todo cara a Sarah.



Antía Guimarei

Cando rematou de lela, todos os compañeiros e compañeiras viraron a vista cara a onde estaba Sarah e puxeron miradas de tristeza e compaixón por ela, que eran tan raras neles que ata a mestra se sorprendeu.

Dende aquela, cada vez íanse relacionando con Sarah máis compañeiros e compañeiras xa que agora xa non pensaban que era

mala xente ou incluso que non tiña os mesmos dereitos senón que era unha persoa igual que as demais, cos seus sentimentos, ideais, costumes... Incluso dende aquela algún que outro compañeiro se comezou a levar con Ismael.

Con este texto intento expresar a miña posición a favor da igualdade entre persoas: aínda que sexamos de distinto sexo, distinta nacionalidade ou distinta clase social, **todos somos iguais e temos os mesmos dereitos!!!!**

Narrativa: BACHARELATO

Antía González Barral, 2º ESO

Antía Taboada Rodríguez, 2º D

Serei breve, pois cada palabra que che escribo dóeme como se a tinta desta pluma estiveira feita por pingas do meu sangue, arrincadas cruelmente do meu corazón. Non é que non te queira, non. Simplemente odio cada día que pasa sen que ti esteas ao meu lado, e que eu non poida facer nada para evitalo. Sería máis doado esquecerme definitivamente pero, nin sequera o intentei. Parécese demasiado egoísta. Por iso decidín escribirche, aínda que supoño que esta carta rematará na papeleira, xunto moitas outras que xa tirei antes de escribir esta. Bótote de menos. A vida non é a mesma se ti non estás, nin sequera é vida. Quero que volvas. Xa sei que non podes, e que probablemente con esta carta empeore as cousas, removendo con dor os fermosos recordos de antano agora que, probablemente, estaban case todos enterrados. Pero necesitaba deixar de actuar coma se nada pasase, coma se ti nunca existiras. Necesitaba dicirche que te quero e recordarche que nunca te esqueceréi. Basicamente era isto o que quería que souberas, ou, se xa o sabes, simplemente recordarcho.


**SEMPRE TE QUEREREI
SEMPRE...**



Como unha noite calquera, a lúa apareceu no seu palacio de escuridade, iluminando uns ollos chorosos, tristes e pensativos, que lle preguntaban inquisidores algo que ela non podía contestar... Entre bágoas e salucos unha moza derrúbase, non tiña motivo ningún polo que seguir así, non sen unha metade... dirixíndose ao máis profundo do xardín cunha espada nunha man e unha rosa negra na outra, mirou por última vez a lúa... Todo estaba en silencio cando ela, de xeonllos no chan, dispúxose a cravar-se a espada, pero unha voz impediullo, ela buscou ao portador desa melodiosa voz, pero non o atopou, as bágoas volveron aos seus ollos e cubriu a cara coas mans...

Cristina Janza

Polo afastado horizonte amencía, o sol desprezábbase no ceo, desprazando a lúa e ocupando o seu lugar como astro rei... a noite pasara, agardara unha mais... esperaría paciente o seu regreso ate o anoitecer, esperando a que a lúa lle dese unha resposta que nunca chegaba... Esquecida por todos, seguiría pensando e esperando por el, aínda que xa a esquecese había moito tempo... confiada os seus soños e ilusións ao sol, esperará unha vez máis un novo anoitecer.



Carol 4ESO

Poesía: ESO

Escoitaba o silencio
 mergullado nun mar sen auga.
 Escoitaba o silencio
 mentres vía o vento pasar.
 Escoitaba o silencio
 morrendo sen morrer.
 E vivindo sen vivir
 escoitaba o silencio.


Antía González Barral, 2º ESO

Poesía: BACHARELATO

Sangue, dor, ira, ambición...
 odio, luxuria, vinganza, temor...
 deséxalo, quérelo...
 tes demasiadas ambicións para ser bo...
 e pouco odio para pertence ao mal...
 entón, entón que es?
 Moi sinxelo... unha alma... unha alma confusa...
 non sabes o que queres nin o que odias...
 o que desexas... e o que detestas...
 non sabes amar... non sabes odiar...
 Dozura, felicidade, amor...
 amizade, abrazos, agasallos...
 dis que odias... dis que detestas...
 non te equivoques... o sangue non é para ti...
 a dor torturaríate... non estás feito para o mal...
 equivocáste outra vez... a felicidade tampouco a conseguirás...
 o amor é demasiado doce para ti... non estás feito para o ben...
 Síntoo... aínda que non sinto nada... decídete...
 aclara as túas ideas e elixe un bando... e ten en conta...
 que me terás como inimiga se elixes o ben...

Antía Taboada Rodríguez

Con-fabula... ando FRASES DOS PROFES



Ester Budiño:

Yo, que me arriesgo la vida en la carretera todos los días para daros clase...
Ay, corazón, estás en la inopia!
Manuel, es que me acabas de dejar fría.

Chema:

Hoxe estades paveros, eh!
Isto de dar clase en prescolar...

Luisa Cazorla:

Si os morís, hacedlo fuera. En mi clase, no.
Sois peores que los animales que cuido en el zoo.

Pablo:

Colle o moco e vai xogar con el.

Analía:

A confianza da noxo.

Pepe:

E que eu aquí son o xefe, o puto amo.

Ramón:

E non me chames profa, que son profe.

Lois:

Hoxe, tres peras!
Entón o porco era coxo?
Póñoche un sero de aquí a Boiro

Maceiras:

Flandes fue nuestro...
Es que este niño es bobo.
Tú a mí no me la metes!

Ana:

Eh, que cuspo cando falo!
Vouche morder un ollo.
Os apuntamentos son para estudalos, non para envolver o bocadillo.

Sanmartín:

Comisteis muchos huevos en Semana Santa eh...
Cua, cua, cua

Miguélez:

La seleccionitis española de los bancos
Síndrome do profesor queimado
In-seguridad social, peor organismo español

Escudero:

La cinta es lo que se mete dentro
La lengua se va moviendo y adquiere conocimientos
-Chiste fácil = Saga-goza

Boss

Non tedes clase?

Manifestarse dentro!

Vicenzo:

A ver, vostede vai pola calle e lle preguntan que é unha pataca.


A ver, Xosé Manuel, seica vai chover...

Non quixera ter que tomar medidas drásticas. As medidas van ser dun cuarto de punto menos na avaliación.

Viax... ando

E isto é o portugués...? pero se falan coma nós!

Jesús García Sousa, Luís Martín Agrelo, Carmen Álvarez e Isaac Froján, 3º ESO



No pasado mes de abril, grazas ao Proxecto Terra o alumnado de 3º e 4º da ESO realizamos unha excursión a Portugal, en concreto á vila de Melgaço. Durante o transcurrir da excursión tivémonos que comunicar en máis dunha ocasión cos portugueses e ofrecéusenos a oportunidade para comprobar que realmente non existe gran diferenza entre estas dúas linguas irmás.

A maioría dos orixinarios cos que falamos eran guías ou persoal da pousada polo que xa podían estar afeitos a tratar con galegos e sabían que non era conveniente falar moi rápido, pero de todos xeitos sempre se

lles entendía case todo. Os portugueses son, en xeral, xente moi aberta e simpática e en ningún momento a lingua foi un obstáculo de entendemento. No caso dos guías en moitas ocasións parámonos a falar tranquilamente con eles sobre calquera tema e era neses momentos cando se facía máis presente a nosa unión cultural e lingüística.

En particular unha guía contounos que nunha ocasión viñeran a visitar Portugal un grupo de excursionistas vascos e que non se entendían case nada entre uns e outros, o que levou a gran cantidade de malentendidos.

Pero cando saímos a rúa e nos puxemos en contacto coa xente de a pé vimos unha situación máis real e descubrimos que Melgaço podería facerse pasar case perfectamente por calquera vila galega.





En practicamente todas as tendas te entendían perfectamente se lles falabas en galego e o mesmo pasaba na rúa se lle preguntabas a alguén.

Como non fixemos ningunha gravación, transcribimos un texto dun dos

Ao longe, ao luar,
No río uma vela
Serena a passar,
Que é que me revela?
Não sei, mas meu ser
Tornou-se-me estranho,
E eu sonho sem ver
Os sonhos que tenho.
Que angústia me enlaça?
Que amor não se explica?
É a vela que passa
Na noite que fica.

Fernando Pessoa, 5-08-1921

escritores máis destacados da literatura portuguesa para que vexades que a comprensión é total.

Depois de ler este texto déixase claro que a pesar dalgunhas diferenzas ortográficas o galego e o portugués son dúas linguas moi unidas o que, ademais de nos ofrecer a posibilidade de relacionarnos con outra cultura, ábrenos a todos os falantes de galego as portas cara a unha gran comunidade, a lusófona.

Viaxe a Italia. Caderno de Bitácora.

Por Antía



Caderno de bitácora da tripulación que se dirixía a Roma

Día primeiro

Todo esplendor, grandiosidade e perfección: o David. Depois dunha longa espera de... 3 horas ¿puido ser?, pero mereceu a pena, e moito, posto que unha cousa é velo en fotos e outra na realidade. Rabia ao saber que por falta de información sobre os horarios, tiñamos que quedar sen ver a tumba dos Medici, a de Galileo, a de Maquiavelo... e varias cousas máis.

Ese día un grupo de nove persoas non durmimos no mesmo hotel que o resto porque as nosas habitacións estaban ocupadas e mandáronnos para o do lado, o "Mala Rapina".

Si, choveu ao que saímos de ver o David.

Era noite, despedímonos de Florencia en moito tempo...

Día segundo

Aquí, @as adict@s a mover maletas tivemos que volver a baixala co resto para deixar Florencia, a nosa enigmática Florencia, para coñecer a alegre Siena nun día de actividade pero relaxado posto que, aínda que acabamos "cangados" fisicamente, moralmente... era coma se... fósemos rapazas pequenas cun par de zapatos novos, si, esa pode ser a

definición axeitada.

Non é que non me guste a arte, porque é interesante e preciosa, a min estrárganme a arte, que non é o mesmo.

Aínda que foi un gran día, ao final collemos unha molladura boa, posto que a única tromba de fría e "mollada" auga que se sorteaba tocounos a nós e acabamos coma pitos.

Esa noite por sorte, ou por desgraza polo paso do tempo, a belsísima Roma cativounos para moito e longo tempo.

Día terceiro

Amence, tod@s en pé, a aventura agárdanos tras as portas do hotel...

O Vaticano esperábanos espectante coa súa Pietá* de Miquel Ángel e coa Capela Sixtina, do mesmo autor. Aínda que tamén foron asombrosos os cadros do museo.

Á tarde, de paseo. Mentres, seguimos alimentando avidamente as nosas ansias de saber sobre aquela cidade, aparte de gozar de todo o seu esplendor.

Resultado do día: extremadamente cansos, sobre todo algúns, que se queixaban a cotío. Regra número 1 dos piratas: Os piratas non se queixan por parvadas. Os piratas non se renden nunca!!

Día cuarto

Por fin!! O máis desexado de todo, o grandioso monumento de Roma, "O Coliseo". Espazo de moitas loitas... unha grande expectación sobrecolleunos deixándonos namorados e marabillados.

O día non se perde e pola tarde continuamos vendo os monumentos (non só eses obxectos inanimados) posto que merecen moito a pena e son moi gratificantes...

Resultado do día: xente que non se daba movido.

Día quinto

Fontana de Trevi, Fontana de Trevi, Fontana de Trevi... o mellor do día, e da noite, que tamén a vimos de noite.

Tras completar o quenda de monumentos que ver dese día e dos outros, posto que os vimos todos e algún máis que non estaba no programa, tivemos tempo libre para deambular ao noso antollo.

Quen nos diría a nós cando demos o Pant-



heón que un día xantariamos debaixo das súas columnas...

Eu, sinceramente, ou son moi rara ou non entendo a xente. Falo de sucesos ocorridos esa ... noite, o que me leva a:

Regra nº 2 dos piratas: Os piratas non choran!!

Nada, isto non vai por nada en especial, só... comentar...

Tod@as estamos desfeito@s, incluídas as profesoras, pero é a última noite en Roma. Dubido de que alguén durma sabendo que ao día seguinte estaremos na casa.

Día sexto.


Son as 05:36 pm, o caderno está nestes momentos nas mans de Antía.

Viaxe de regreso. Como era de esperar, ningún durmiu nesta ominosa noite, na que o medo a non volver nunca máis estaba en todos os sitios... Os poucos que durmiron lamentan as súas caras e as olleiras e maldiccennos aos que quedamos espertos por estar frescos e sen olleiras, horas despois temos o mesmo cansazo e o mesmo sono...

Isto parece un cemiterio, os caídos na loita cóntanse a miles, os carroñeiros dos pesadelos queren comezar a atormentar a eses pobres incautos, mentres a incomodidade repercuta xa sobre eles...

Falta pouco para chegar... ou iso din, non sei, aínda é día e moi día e nós chegamos de noite... por iso non me convence nada... así que, lamentando deixarvos así, vou durmir un pouco.

BITÁCORA FOTOGRÁFICA



Anexo do caderno de bitácora da tripulación dirixida a Italia

As anécdotas desta viaxe cóntanse a miles: Sobre todo con: Clara e con Luíзма que... que dicir?... é Luíзма... Unhas frases para recordar: "-Que hora é?" "- Son e pico". Os esbirros asustadizos de María. O intento de non perdernos, e non o fixemos cada un por libre.

Alba e a súa teima de ofrecerlles aos negros (perdón polo uso desa palabra nun contexto tal mal soado) dous céntimos por cada cousa que lle querían vender...

Què dicir? É unha viaxe para repetir unha e mil veces... Todos quedamos satisfeitos con ela, a pesar dalgúns inconvenientes...

Italia... a enigmática Italia... E pensar que todo o que vimos leva aí anos e anos, que miles de persoas a visitaron, modificaron, retocaron, recuperaron... todo. Desde tempos pasados o ser humano fixo grandes monumentos que gozamos hoxe en día.


Se volvemos a Italia, nunca será coa mesma peña, e se o é, nunca será o mesmo, todo nace e todo morre, nada pervive para sempre, só nas nosas memorias...

Menú da semana: pizza, pasta e gelato.

Aquí si que non se pasa fame posto que... que non me saen palabras para explicalo agora co sono... xa o farei...

E todo isto por que?? Porque o di... e punto. (Nada, sen comentarios disto último)

Fin desta parte de caderno de bitácora da tripulación dirixida a Italia.



Melgaço

Durante a excursión a Portugal, a maioría do que vimos foi vexetación e monte. De feito, cando cruzamos a fronteira non percibimos cambio ningún. Portugal parece moito a Galicia nese aspecto, porén, existen moitas diferenzas entre eles. Galicia échese cada vez máis de eucaliptos, mentres que en Portugal a presenza desta árbore non é tan abundante coma aquí, polo menos na zona que nós vimos, que para algo é un parque natural.



Tomando un respiro logo dunha das actividades.

Vimos un vídeo sobre o Parque Nacional Peneda-Gerês, onde contaban a historia do parque e como o coidaban. O noso guía comentounos que en Portugal dábase moita importancia aos parques nacionais. De feito, ese parque estaba compartido con España e xuntos formaban o parque fronteirizo máis grande de Europa. Porén, a zona de Portugal está mellor conservada que a zona de España, xa que deste lado temos un parque natural e na de alá un parque Nacional.

Tamén fixemos unha gran excursión a pé polo monte de Castro Leboreiro de 4.5 km. As botellas de auga voaron coma caramelos e os pés de algúns quedaron rebentados. Aínda así, puidemos

gozar dunha fermosa paisaxe mentres camiñabamos e aproveitar para sacar unhas fotos. A medida que subiamos a vexetación ía diminuindo, e así pasamos da zona de castiñeiros e carballos á de toxo e matogueira .



Nestas fotos pódese apreciar que ao aproximarse máis ao cume, a vexetación diminúe e aumenta a presenza das pedras



Durante o paseo polo monte tamén vimos que en todas partes hai aínda moito que aprender no tema do respecto pola natureza. .

Menos mal que, ao baixar, atopamos a frescura dos regatos, e logo... a divertírmonos, que para iso son as excursións.



Pero recordade: só sairemos de excursión se nos portamos ben. Porque se non... **hai vara.**

Indag... ando

Caldas é auga

por Juan José Arzúa Lourido e Julián González Rodríguez, 1^oC



César Reglero

Neste traballo que elaboramos para a materia de Ciencias para o mundo contemporáneo (e que resumimos neste artigo) presentamos un dos aspectos máis importantes da historia caldense, a auga e a relación que tiveron os habitantes destas terras con ela ao longo da historia.

Dende os cilenios co seu Deus Edovio ata os proxectos máis innovadores da actualidade, pasando polos romanos, a Idade Media e a Belle époque, en Caldas a auga sempre tivo unha presenza moi representativa e importante.

Tal vez para nós o máis coñecido neste sentido sexa o das augas termais, pero hai que lembrar que por Caldas discorren dous ríos que teñen moita importancia por diversas razóns: festas, deportes, baño, lavadoiros, enerxía, paisaxe, contaminación...; por outro lado, tamén a auga da choiva ten o seu papel: as inundacións, a arquitectura, o microclima...; e ademais tampouco podemos esquecer a importancia das fontes e mananciais que se poden atopar nas aldeas de Caldas.

Con respecto á auga termal caldense, hai que aclarar que se trata dunha auga meteó-

rica, é dicir, á auga de choiva que se infiltra na terra e a medida que pala polo terreo cárgase de minerais, por iso cando volta á superficie chega cos minerais presentes nas rochas polas que circulou. A temperatura dos mananciais depende da profundidade pola que circulou a auga, da temperatura máxima no almacén subterráneo (en Galicia a temperatura media é de 100°C), da velocidade de ascenso e das posibles mesturas con augas superficiais. Os minerais que predominan nas nosas augas son o cloruro sódico, cloruro potásico, bicarbonatos, sulfatos, bromuros, ioduros...

Estas augas e os primeiros ocupantes destas terras inspiraron aos romanos para lle poñer o nome á nosa vila, o que hoxe leva o instituto *Aquis celenis*.

Tamén os romanos nos deixaron obras relacionadas coas augas; as máis importantes, as pontes:

a ponte da Ferreiría, situada sobre o Umia, que é unha das máis grandes de Pontevedra e que se atopa rodeado dunha fermosa paisaxe conformada polo Balneario, o Concello, o Muíño e o Parque-xardín;

a ponte de Segade, tamén chamada a Ponte Vella por ser a primeira ponte romana que se construíu en Caldas e aínda conserva restos da calzada romana. Realmente é unha reconstrución xa que a ponte primitiva caeu por causa dunha enchente.

A ponte Bermaña, que é a única que conserva o cruceiro que en tempos tiveron todas.

Xa no século XII volven as nosas augas tomar protagonismo, pois da man da raíña Dona Urraca cobran vida as termas.

Pero dende a Idade Media ata a Belle époque non hai novas referencias. No último cuarto do século XIX, para reforzar o turismo que atraía os balnearios Acuña e Dávila, refórma-se o caso urbano caldense coa construción

da igrexa de Sto. Tomás (para o que se derrubou a Torre de Dona Urraca), o Parque-Xardín e a Carballeira. En canto ao desenvolvemento industrial, en Caldas aproveitábase dende hai moito tempo a forza da auga, como podemos ver nos numerosos muíños que hai (e había) nas aldeas caldenses e incluso no casco urbano, pero máis industrialmente tamén se emprega para os cortidoiros e na fábrica de papel situada nas aldeas de Baxe e Segade de Arriba. Constrúese tamén nesta época o que sería o máis importante aproveitamento da forza do río Umia (fóra o encoro que se construíu no 2002), a central hidroeléctrica de Segade.

Co paso do tempo as cousas esquecécese, a central queda abandonada, os muíños quedan en ruínas e cáenlles as paredes, as centrais papeleiras quedan no esquecemento a



carón do Umia... Durante moitos anos isto estivo ocorrendo en Caldas pero agora está a cambiar: moita xente restaura o muíño da súa familia, o Concello fai esforzos para que Unión Fenosa lle conceda a propiedade do terreo da central hidroeléctrica de Segade e a papeleira foi restaurada como casa de turismo rural.

O que non mellora co paso do tempo é o respecto pola natureza, a mostra é o encoro do río Umia que, por falta dun plan de impacto ambiental (o que houbo correspondía a outro encoro) todos os veráns tinxese de cor verde por mor da toxina microcystis aecuginosa. Outra mostra é a nave da empresa química que ardeu no 2006 provocando unha mancha de cor azul turquesa ao longo de 2 Km. do río.

As festas en Caldas tamén están moi relacio-

nadas coa auga, sobre todo cos ríos Umia e Bermaña. No Nadal, non hai moito tempo, a cabalgata de reis comezaba coa chegada dos Magos en barca polo Umia dende Segade; no Entroido, o mércores de cinza despedimos a sardiña botándoa ao río dende a ponte da Ferreiría; en San Xoán a fogueira faise nunha plataforma no río Bermaña; e nas festas de agosto temos o escenario acuático onde actúan importantes grupos galegos.

No referente ao ocio e ao deporte, tamén o río nos ofrece moitas opcións: o Umia posúe, máis ben posuía, moitas boas zonas para o baño, coma o malecón, as praias fluviais, a cascada de Segade. No deporte, aínda que agora o equipo está en crise, hai uns anos destacaba a nivel europeo o C.N. Kayak Polo; ademais hai que destacar o chamado "Descenso do Umia", no que multitude de xente baixa en piraguas dende Segade ata Cambados.

E para rematar... un baño! Ata o 2002 en Caldas cada ano había unha inundación, en concreto nese ano o río Bermaña rebordou sete veces. Agora parece que o encoro do Umia impide isto, pero non é seguro pois no 2006 (xa co encoro construído) Caldas inundouse con consecuencias moito peores que as habituais antes de 2002.

Pervivencia do imaxinario popular na nosa vila

Alumnos e alumnas de 4º ESO,
(debuxos de Idalia Oubel)



I. Introducción

Dende moi pequen@s, contos coma Brancaneves, Carrapuchiña Vermella ou a Cincenta viviron connosco, e pouco a pouco fóronlle roubando protagonismo ás lendas que pertencían á nosa cultura. Por mor diso, as novas xeracións descoñecen a nosa mitoloxía. Para intentar solventalo, a nosa profesora de lingua galega propúxonos indagar sobre a cultura do noso país. Organizamos a clase en grupos e durante os meses de xaneiro e febreiro fixemos o traballo. Para axudarnos, consultamos libros e navegamos pola internet. Logo fixemos entrevistas aos nosos maiores, para isto axúdamonos dos cuestionarios que se ofrecen en <http://galiciaencantada.com> e descubrimos os coñecementos que teñen os anciáns sobre a antiga cultura galega. Logo, xa expert@s no tema, ata nos atrevemos a inventar historias sobre os mitos máis coñecidos.

O que aquí ofrecemos é unha síntese do noso traballo, unha selección que pode servir para abrir boca porque o realmente interesante deste traballo son as horas que botamos dándolle ao conto cos nosos avós, que, descoñecedores do tesouro que gardan, moitas veces nin sequera son conscientes do que xa non lembran.

II. Os nosos mitos.... descubrindo un mundo novo.

Galiza é un país moi antigo, con fragas umbrosas, cidades somerxidas, covas profundas e ríos encantados. En todos os recobecos palpita o misterio porque moitísimo antes que nós poboárona seres fantásticos, surxidos daquilo que descoñecemos. Así, nos campos onde asubía o vento, nos camiños onde asoballa a choiva ... sentimos o calafrío de notar a presenza desas criaturas non visibles, pero existentes, que poden exercer poderes maléficos, ou favorecernos coa súa bondade.

Un home sabio como Vicente Risco, cando lle preguntaron polas meigas, respondeu: " Mire, habelas hainas, aínda que eu non crea nelas". Pois por iso, porque as hai, imos intartar coñecelas.

A crenza nas meigas é o mito central da nosa mitoloxía. Xeralmente hai unha confusión entre as meigas(internacionalmente coñecidas) que visten de negro, viaxan en vasoira e teñen verrugas no nariz; e as meigas propiamente galegas, que en moitos casos son xoves e fermosas. Non todas elas fan mal, ao contrario, a maioría son encantadoras criaturas enmeigadas en contra da súa vontade.

Así **Brancaflor** é unha xove atractiva, de esvelta figura e gran encanto pero..., ai de aquel que tope con ela!!, en realidade é filla do demo, debido ao pacto que fixo con el e agora está condenada a ser maléfica. Foi ambiciosa de máis e sucumbiu á invitación de xogar unha partida co seu conquistador de xeito que se gañaba gus-

taría de tanta fortuna desexara pero se perdía estaba condenada a servir ao maléfico. Aínda que o demo parecía distraído e mal xogador, foi Brancaflor a que perdeu. Dende aquela, aquel que intente conquistala terá coidado de facelo, posto que ela apoderarase del e farao seu, para convertelo no seu escravo, maltratado para sempre. Para descubrir a verdadeira condición de Brancaflor é preciso simular que non sabemos que é meiga e estar atentos mediante a conversación, ata que o vento ou un movemento nos permita ver os cornos enroscados na súa cabeza. Entón o mellor é fuxir. O seu engano mais típico é dicir que perdeu o seu anel no río e pedir á súa vítima que o recupere, se o mozo acepta afogará inmediatamente. Auséntase durante séculos posto que abandona a terra para regresar aos infernos.

Outra boa moza se esconde detrás da **Princesa Ra**. Un feitizo maléfico e moi antigo, transformou en ra a unha encantadora infanta dun reino moi afastado. Hai quen asegura que era a herdeira da coroa dun país esquecido, somerxido na lagoa de Antela, en Xinzo, Ourense. Dende aquela vive nunha poza e semella unha ra común, verde, de ollos saltóns e de corpo rugoso. Croa como as demais, aínda que



poida que o seu canto sexa menos ingrato que o das ras verdadeiras. Corre o perigo de que sexa capturada e devorada, pois as súas ancas son un prato exquisito. Aínda non ocorreu isto, quizais porque a súa intelixencia humana permítelle fuxir do perigo. Asegúrase que, se alguén falase con ela, rompería o feitizo.

Fermosa tamén é a **moura**, unha belsísima criatura, inofensiva e engaiolante, ademais de encantada. Adornan o seu cabelo sedoso e visten roupas lixeiras e vaporosas, de carácter oriental, permitindo axear nos seus encantos íntimos. Aparece inesperadamente, en lugares apartados das vilas, preto de bosques e grandes penedos, porque de cando en cando ten que abandonar o seu fogar natural e subterráneo, para respirar aire puro e gozar do sol. O encontro cunha moura pode ser moi beneficioso, xa que preto de onde se atope está un tesouro oculto. Conseguir a súa atención ou namorala, pode convencela de que nos indique onde está exactamente o tesouro. Se coñecemos a alguén que fixera fortuna e non quere confesar como, sospeitemos que atopou unha Moura e conseguiu os seus favores.

E que dicir da **dama do castro**, unha encantadora criatura de atractiva beleza, distinguida, esplendidamente vestida. Dela só se recibirá ben, se se lle pide axuda ou



consello. Pero non é fácil atoparse con ela, porque vive en castelos de cristal situados debaixo dos castros milenarios ou no profundo da terra. É fácil distinguila, xa que respandece no seu vestido branco, de longa cola e co seu tocado de gasas, ao modo medieval. Soe presentarse unicamente a persoas aflixidas por algunha situación difícil na súa vida (mellor se son de condición humilde) a quen outorgará



os seus favores que serán sabios e discretos consellos, capaces de encamiñar cara á felicidade. Ela mesma avisa e preséntase dicindo que é a Dama de Castro.

Mais tamén hai meigas feas e malvadas, así as **lavadeiras**, que acoden de noite a lavar a roupa para sorprenden o camiñante, a quen invitan para que colabore no escorrido das súas prendas; este terá coidado ao facelo, ten que ser no sentido contrario, xa que se coincide, estará exposto a serias desgracias. A pesar de que o seu aspecto non é diferente do de calquera anciá, distínguese porque a roupa que lavan está sempre manchada de sangue e nunca queda limpa. Crese que ese sangue que mancha a roupa é o seu como consecuencia dun mal, polo que está condenada a lavar eternamente a pegada que a distingue.

Outra que asusta é **Marimanta**, a versión feminina do **home do saco**. É unha anciá fea e encorvada que porta sobre a súas costas chepudas un saco. Vai pedindo humildemente unha esmola e resulta conveniente cumprir o seu desexo porque se trata da tía do saco, que rouba nenos e os fai desaparecer. Se cando a vexas leva o saco avultado, hai que zarandeala ata que solte súa prenda, así liberarás a vítima que, doutro xeito nunca máis volverás ver.

III. Cos nosos maiores... descubrindo un mundo novo

Ao falarmos cos maiores aprendemos moitas cousas, sabías que...?

Fina contounos, por exemplo:

que cando a lúa está chea non se poden plantar os froitos que se dan enriba da terra, só os que se dan debaixo,

que onde pousa o arco da vella hai unha peza de pan e unha xerra de viño

que para saber a hora hai que poñer un obxecto de ao sol e cando se pisa a cabeza son as doce,

que cando o vento vén de abaixo anuncia chuvia,

que quen muda un marco de sitio, logo ao morrer permanece onda o marco, non descansa ata que alguén o volve poñer no sitio,

que na noite de San Xoán ían as meigas





lavarse na fonte das Toupeiras,
 Con Carme aprendemos:
 que o arco da vella nace nunha fonte e vai
 ata lonxe no río,
 que aos que contan as estrelas sáenlles
 tirizós,
 que as "pedras de raio" son coma queixos
 finiños e parece que dan luz elas soas na
 terra,
 que o cuco anuncia a primavera,
 o seu pai foi o segundo que trouxo o ara-
 do de ferro a estas terras,
 que á Fonte da Lebre todas as noites acu-
 día unha muller a lavarse
 E Amelia díxonos por exemplo:
 que o sol se chama Lourenzo,
 que cando nace un neno nace unha estre-
 la, se contas estreslas sáenche verrugas
 nas mans
 Tamén nos dixo Serafín:
 Que a lúa se chama Catalina,
 Que por estes lares andou Pepa a Loba a
 roubar,
 E Dolores recordou:
 que che pode nacer un tirizó por mirar
 unha muller preñada
 que cando neva ou hai xeadas dise "que
 peneirou a vella pola noite",
 que a noite do 23 de xuño era a das mei-
 gas,
 que pola redonda hai covas onde aínda se
 agochan os mouros.

E tamén nos contaron algún refrán:

*Se chove ou venta o inverniño entra.
 Xaneiro xiadeiro. En xaneiro, que lle pasou
 ó fumeiro?.*

*Vaite febreiriño cos teu 28, que se duras
 máis catro non queda can nin gato.*

*Vaite que ven aí o meu irmán Marzo que
 xa te vai facer andar ca cabeza debaixo do
 brazo.*

*Marzo marzán, pola mañá cariña de risa e
 pola tarde cara de can.*

En maio aínda a vella queima o tallo.

En San Xoán a chuvia toe o pan

IV. Concluindo

Despois do traballo volvemos ao comezo:
 as historias estanse perdendo, ben sexa
 porque se están a deixar de transmitir ou
 porque á xente xa non lles interesa. Nós,
 fixémonos en que as persoas non sabían
 contestar a maioría das preguntas dos
 cuestionarios en cambio aínda estaban
 presentes outras supersticións como as dos
 paxaros da morte ou a Santa Compañía.
 Tamén hai que pensar en que ás per-
 soas nese momento moitas cousas non lle
 acordaban porque parecía que había moito
 tempo que non falaban diso.



Pregunt... ando

Entrevista a

Pinto e Caruncho

Tino Carou e Manuel Fariña, 3º ESO



Este ano, e por segunda vez no IES Aquis Celenis, recibimos aos regueifeiros Pinto e Caruncho con motivo da segunda convocatoria celebrada do Taller de Regueifas. Nesta ocasión, e ao igual que o ano pasado, os alumnos de 2º e 3º da ESO gozaron da súa presenza e da súa colaboración no difícil ensino desta magnífica tradición oral: as regueifas. Tivemos connosco aos grandes regueifeiros, xa antes nomeados, que nos resolveron as nosas dúbidas a través da seguinte entrevista:

P: Que lles podedes explicar aos nosos lectores sobre as regueifas?

R: Hoxe en día a regueifa é unha controversia dialéctica entre dous ou máis interlocutores, a modo de improvisación de versos e que vén da palabra árabe "Ragiff", que significa pan branco que se regalaba antigamente nas vodas.

P: Onde aprendestes vós a regueifar?

R: Home! Eu empecei a improvisar cando aínda non sabía que existía a regueifa, no instituto cando tiña a vosa idade, 13-14 anos. Nos maíos empezaba a facer coplas cun ritmo de "Fuxan os ventos" que era: *"ai lalalo ai*

lalalo ai lalalo ai lalalo o raposo vai ó monte pola rodeira do carro leva os ollos na cabeza e o cu baixo o rabo". Eu escoitaba este grupo e empecei a usar ese recurso para facer as miñas coplas.

P: Existe algún lugar onde ensinen a regueifar á xente nova?

R: Si, estamos facendo obradoiros por todo o país, por bibliotecas e institutos, eses son os lugares.

P: Non sabemos se hai que ter algunha dote especial para poder elaborar regueifas, así que gustaríanos preguntarvos como se compoñen este tipo de cancións.

R: Ben, o único camiño que hai para poder facela é unha estrofa chamada copla, que é a cantiga popular que utilizamos todos os regueifeiros; é unha estrofa de catro versos octosílabos onde riman os pares e quedan soltos os impares. Aprendendo a facer este copla e tendo a capacidade de escoitar o que nos di o compañeiro e cunha serie de elementos como o leixaprén ou algunha frase repetida chegamos a facer cuartetas, e para facer regueifas é o que hai que facer. O de facer coplas en pouco tempo vaise aprendendo. Hai que nacer e hai que aprender.

P: É agradable recordar, supoñemos, as cancións e regueifas que a un lle saen ben, pero, neste tipo de textos debe de ser moi difícil, non?

R: Non é nin difícil nin fácil, ás veces saen mellor, outras peor. Depende como teñas o día e como te adaptes ás coordenadas que ten a regueifa: ironía e retranca e estar atento a todo o que acontece ao teu redor para improvisar, que iso é moi importante.

P: Tendes algún método especial para recordalas?

R: Si home, despois de moitas regueifas feitas e de moitos obradoiros algunhas xa que quedan evidentemente, e cando quedas

en branco recorres a algunha xa feita. A creatividade é limitada e tes que ter algún talismán para saír dun momento crítico.


P: Sabemos que esta é unha tradición galega, pero..... existe esta tradición noutras culturas?

R: Existe en todo o mundo. Desde o momento en que hai palabras en todas as culturas hai literatura popular e hai improvisación. Por exemplo en Cuba hai repentismo, en Arxentina hai palladores, en Uruguay, Panamá e en Brasil tamén hai repentistas. A nivel do Estado español hai en Cataluña, País Vasco, Illas Baleares, I llas Canarias, Cantabria e Galicia. En todos os sitios onde se fala, cántase.

P: Como ben podemos observar, vós sodes unha parella, pero.....poden realizarse diferentes combinacións de persoas para cantar regueifas?

R: Si, é bo ir cambiando para non viciarse. Nós somos unha parella cando este está sen comer, despois de comer somos un trío.

P: Pasando do estrictamente literario ou tradicional, gustaríanos coñecervos un pouco máis e, se cadra, afondar un chisco na vosa vida. Que nos podeades contar de vós mesmos?



R: Que somos xente normal, moi normal. Ademais somos unha xente tan normal que temos que pagar a hipoteca coma a xente normal.

P: Coñeciádesvos de antes ou comezastes a levarvos polas regueifas?

R: Si, polas regueifas. A min xa me tiñan falado mal del.

A min cando me falan del hai tanto aire polo medio que non atendo.

P: Que supón para vós realizar este tipo de actividade?

R: Satisfacción ,a min supónme gratificación.

Para min supón moitos minutos de espera porque cando quedo con el a unha hora sempre chega media hora máis tarde.

P: E, aparte de ser unha bonita tradición, a regueifa para vós é só unha afección ou é un traballo?

R: Non chega a ser un traballo, non vivimos exclusivamente da regueifa, cada un ten a súa profesión.

P: Cales foron as vosas actuacións máis importantes?

R: Todas, eu non poñería unha máis importante que outra, todas teñen o seu momento, o seu día e a súa química.

P: Actuastes fóra de Galiza?

Si, estivemos en Barcelona, en Maillorca, en .

En Coruña, Ibiza, Formentera, Santiago, Elche, Málaga, Conxo, León, Bruxelas, Carballo e en Caldas de Reis no Aquis Celenis.

P: E agora que xa nos coñecemos un pouco máis, gustaríanos que, como remate final, nos dixerades cales son os vossos nomes reais, porque...non vos chamaredes Pinto e Caruncho de verdade, ou si?

R: Non, eu son Daniel Alexandre Vecino Martínez


E eu son son Luís Enrique Correa Piñeiro, parecemos unha telenovela, verdade?

Ten moita correa e parece un piñeiro.

Iso é un piropo.

Grazas.

Gracias.



CONCURSO DE REGUEIFAS



pasado mes de abril os compañeiros de 2º e 3º de ESO fomos a Pontevedra para

participar no Certame Provincial de regueifa escolar, aínda que nós xa tiñamos experiencia porque os benqueridos Pinto e Caruncho xa levan dous anos vindo ao noso instituto para aprendernos a facer cuartetos moi xeitosos.

De camiño á cidade do Lérez a maioría dos que participabamos tratamos de darlle un último repaso rápido ao que levabamos preparado, algún quizais o primeiro. Unha vez no Auditorio xa todo estaba listo para comezar. Ao principio fomos saíndo todos os grupos dos institutos que participabamos recitando dúas regueifas xa preparadas e unha de improvisación. Varios rapaces destacaron, sobre todo aqueles que máis espelidos e atrevidos eran. Do noso instituto, por desgraza, ningún de nós conseguiu chegar á final, pero sen dúbida ningunha todos o fixemos o mellor que puidemos, tanto os que participabamos como os compañeiros/as que foron animar, e... xa se sabe que o importante é participar

Aínda que o xurado nos deixou un amargo sabor de boca tamén é verdade que un día sen clase é un día sen clase.

Entrevista a Teresa Moure

Fabiola Aboy e Irene Iglesias 1º E Bach



As profesoras Puri e Ana, xunto coas reporteiros Fabiola e Micaela acompañando a Teresa Moure



pasado día 11 de maio, con motivo de celebrar unha intensa Semana das Letras, contamos coa presenza no instituto de Teresa Moure, de quen o alumnado viña de ler e asistir á representación da súa obra teatral *Unha primavera para Aldara*. *Teresa Moure ademais de ser doutora en Lingüística e profesora na Universidade de Santiago de Compostela ten un feixe de galardóns literarios. Salientando entre eles o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio en 2004 por Outro idioma é posible (Galaxia, 2005); Premio Xerais de Novela e Premio da Crítica de narrativa galega por Herba Moura; e Premio Rafel Dieste de teatro en 2007 por Unha primavera para Aldara entre moitos outros.*

P: O alumnado de 1º de bacharelato deste centro lemos a súa obra *Unha primavera para Aldara*, nela a protagonista é unha abadesa liberal, progresista e desinhibida para a súa época, cre que hai algunha semellanza entre como se sentía Aldara e como se senten as mulleres hoxe en día?

Que difícil a pregunta. Non sei se era tan desinhibida, progresista e liberal. Eu o que quería marcar coa obra é que as mulleres debían de ser moito máis libres do que imaxinamos; a idea que temos das monxas é a de mulleres con moita fe relixiosa pero na Idade Media as mulleres ían aos conventos para buscar a vida, era un modo de vida como outro. Se vas a documentos históricos atopas moitos casos de abadesas preñadas, debía ser frecuente nas familias que só puidese casar unha irmá e as outras tiñan que ir de monxas porque era máis barato que dar a dote, é a partir do século XVIII cando as ordes relixiosas acatan a castidade.

Eu usei esa idea de que as monxas na Idade Media vivían como mulleres para que a protagonista sentise conflitos que poden ser actuais como elixir o amor, ter ideas pacifistas... pero non debía ser tan rara na época.

P: Séntese ou sentiuse algunha vez indentificada con algún dos personaxes?

Sempre que escribes algo tomas cousas de comentarios que oes, de historias de amigos e amigas... sempre hai unha identificación. Aldara parécese algo a outros personaxes meus e iso debe querer dicir que dalgunha maneira ten ideas parecidas ás que podo ter eu, pero neste caso eu quería facer unha obra histórica en feminino. Cando pensamos nunha época histórica sempre pensamos en masculino (os romanos, os homes da Idade Media...) as mulleres sempre as imaxinamos igual: casadas, dependentes do marido, submisas... pero elas tamén tiveron que ter unha historia e tiveron que ser distintas en distintos países e distintas épocas, por iso nunha época como a Idade Media na que se empeza a cuestionar se o señor feudal ten poder absoluto, as mulleres tiveron que em-

pezar a cuestionarse por que tiña que existir o dereito de pernada por que se non se cuestionasen cousas non habería a fin do feudalismo.

P: Persoalmente a obra gustounos moito, é aparentemente sinxela pero, na nosa opinión, encerra unha dura crítica, pola historia que conta e, sobre todo, pola época en que transcorre; por que ambienta a obra nesa época e non no presente ou mesmo nun pasado non tan afastado?

Porque eu quería facer unha obra histórica para marcar que non temos memoria da historia das mulleres, parece que todas fomos iguais ata o franquismo. Creo que tivo que haber épocas de maior liberdade.

P: A representación teatral da súa obra estivo á altura do que vostede quería transmitir co libro? Cre que as adaptacións dos personaxes e o traballo das actrices estiveron á altura?

Si quedei moi contenta coa adaptación do texto. A adaptación suprime personaxes porque a miña obra é moi longa e duraría moito. Penso que no texto se entende mellor pero en xeral eu quedei moi contenta con eles, de feito colaborei na adaptación, quitei algúns personaxes e engadí outros.

P: Tanto o libro como a representación acadaron un gran éxito, como se sentiu ao ver que algo que vostede creou triunfou de tal modo nos premios María Casares?

Os éxitos sempre son difíciles porque os ven máis a xente de fóra que ti mesma. Ben, Aldara aínda tivo un premio o sábado pasado, o da Asociación de escritores en lingua


galega, recibiu os María Casares, o Dieste... Claro iso gusta pero non consigo que me poña moi contenta, gústame máis se alguén me di ao saír que lle gustou que o feito dos premios, porque os premios tamén suscitan críticas e de feito sobre *Aldara houbo* críticas negativas, díxose que era unha obra moi feminista, que era anacrónica, fóra da época histórica cando está absolutamente probado que que sucedían cousas coma esa.

P: Tanto na obra *Unha primavera para Aldara* como en *Herba moura* nomea as herbas e as mulleres como coñecedoras dos remedios que se poden facer con elas, por que lle dá tanta importancia?

Ese foi un saber tipicamente feminino, había cousas que facían os homes e cousas que facían as mulleres. A botánica, a farmacia, o que tivese que ver coa medicina eran cousas que facían as mulleres, e iso foi así ata o século XVII en que empezan a ter importancia as universidades, onde evitaron que entrasen as mulleres, hai prohibición ata practicamente o século XX. Así que ás mulleres quitáronnos un

saber que era tradicional, e por iso aparecen as bruxas; as mulleres antes eran sabias, no momento en que empeza a haber médicos dise que as mulleres que saben (como non pasaron pola universidade) son bruxas e por iso queimouse a moitas mulleres. Por isto a nosa literatura está impregnada de referencias ás curandeiras como mulleres malas, cando en realidade os seus coñecementos están moi próximos aos culinarios pois antes curábase, e os médicos tamén, a base de caldos. Quería reivindicar isto, en realidade é un tema moi presente na literatura feminista.

P. : Nas súas obras existe un claro predomi-



nio de reivindicación do feminismo, non sente medo de que sexan vistas simplemente como obras para mulleres e reducidas só a ese ámbito?

Si. Non podo facer moito porque non quero escribir outra cousa, pero si que me pasa que teño máis lectoras que lectores, a pesar de que *Herba moura* foi unha obra moi lida e nese sentido son unha privilexiada, si teño lectores, si teño esa consideración masculina. Pero si que pasa que se adoptas un punto de vista feminista parece que só vas interesar a unha parte da poboación cando eles ás veces permítense adoptar un punto de vista sexista discriminatorio e non por iso deixan de interesarlle ás mulleres.

P: Outro tema no que nos gustaría ter a túa opinión; xa sabemos qué é unha gran feminista, que opina da evolución deste fenómeno social? Considera que poderemos chegar a unha sociedade na que non faga falta nin tan sequera falar de diferenza por ser home ou muller?

É que diferencias hai. Iso sería ideal, que as persoas estivesen máis alá do sexo e de calquera cousa asociada, que houbese varóns tenros, mulleres dominantes... todas as combinacións posibles.

Para min hai como tres estadios: primeiro sería conseguir a igualdade de dereitos; despois estaría reclamar a diferenza, a min interésame máis a diferenza que a igualdade, reclamar que as mulleres non temos que medirmos no estándar dos homes, hai que reivindicar valores tradicionais femininos; e o paso seguinte sería rachar con todas as categorías, eu teño tres fillos varóns e espero que non teñan ningún molde de xénero can-

do sexan adultos.

P: Sabemos que é unha persoa comprometida coa lingua galega, que opina do proxecto do novo goberno galego sobre o galego na escola? Cre que a decisión sobre en que lingua educar os rapaces é dos pais ou das escolas?

Espero que non a faga, a ver se conseguimos pararlles os pés.


A min paréceme mal que escollan os pais porque parece que a liberdade é que cada un

faga o que queira pero é que tamén existen dereitos colectivos, pertencen a un país e ese país ten unha historia e os nenos e nenas teñen dereito a acceder á lingua que ao mellor lle roubamos en xeracións pasadas. Ao mellor os seus pais falan español pero os nenos teñen que poder acceder ao galego. Claro, eu non elixo o código de circulación, teño que circular como di a lei, pois igualmente ten que existir unha lei que sexa igualatoria: os nenos que teñen a sorte de que seus pais lle falen galego, estupendo, pero os que non teñen esa sorte deben ter dereito a adquirilo a través da escola porque o ensino é

o igualador de todas as clases sociais, por iso non podemos permitir a derogación.

P: Vostede fala sempre en galego?

Si. Eu non recibín o galego de meus pais, meus pais falan español, meus avós falan tamén en español, que é máis raro. Para min foi unha toma de conciencia que fixen no instituto, que logo se foi facendo máis forte, primeiro vas parcelando: falaba galego cos amigos pero na casa falaba castelán, ata que nun momento decidín que era un compromiso total e agora falo galego sempre: dou as



clases en galego na universidade, e iso que teño moitos alumnos estranxeiros, falo galego cos meus fillos... con todo o mundo.

P: Neste centro, levamos a cabo actividades, dende o equipo de Normalización Lingüística, para fomentar a lingua galega. Xa levamos feito carteis, campaña do día dos namorados e outras actividades. Que nos proporía para conseguirlas chamar atención de todos?

Parece que as campañas xa as asumimos para non facelas. Eu creo que non hai nada máis forte que a radicalidade dunha persoa falando galego sempre, non cambiando; cando ti observas que un compañeiro ou compañeira que sabías que ás veces cambiaba ao español con algúns profesores e compañeiros e logo xa usa o galego todos os días é moito máis efectivo. Eu non son moi partidaria das campañas porque penso que se gastan enerxías en actos que todo o mundo asume que son cerimoniais, ata La voz de Galicia saca unha páxina en galego no Día das Letras Galegas. Máis que campañas importa o que fan as persoas realmente.

P: Tamén temos un equipo de igualdade, que é recente pero pouco a pouco estamos avanzando, agora intentamos facer algo para acabar coa diferenza no uso dos espazos dentro do recinto xa que maioritariamente a mesa de pin-pón e o patio están ocupados por rapaces. Cre que estas iniciativas conciencian aos rapaces?

Eu creo que si, que é moi forte que esteades asociadas. Se unha rapaza é feminista ela soa vai quedar suprimida pero na medida en que consigades integrar a todas eles ven que é un grupo de resistencia e non terán comportamentos deses tan parvos que teñen ás veces. Pero eu creo que sería bo que fósedes capaces tamén de integralas a eles dentro do grupo porque o feminismo non consiste en dar a volta á tortilla, o feminismo consiste en darnos conta de que hai unha situación de dominio e en non querer exercela, e niso deben estar implicados os varóns. Non hai porque ser máis feminista por ser muller, ser feminista non é ser muller senón estar en contra de que o estándar sexa o masculino.

P: Volvendo ao tema literario, que obras ten

en mente agora? Ten pensando seguir coa súa liña de libros reivindicativos?

Pois acabo de escribir algo un pouco distinto do que levo feito, ben iso queremos pensar sempre, e a continuación quero descansar. Quero pasar anos sen escribir porque escribín moito moi seguido e non quero repetirme, penso que cada obra ten que ser diferente das anteriores e non quero escribir por escribir. Teño unha novela máis e logo vou descansar.

P.: Gustaríalle ser coma Rosalía de Castro, unha gran escritora e reivindicativa (da lingua, da situación da muller...) pero que ao fin e ao cabo viviu dedicada ao seu fogar e, polo tanto privada de moita liberdade?

Hai un punto difícil no que preguntas. Como persoa penso que cando se quere a alguén iso vai por riba doutras decisións, na vida tomas decisións e logo tes que adaptarte ás circunstancias. Non me parece mal facer cousas por amor, o que si me parece mal é, se o amor non funciona, non rompelas. E moi diferente a vida actual á do século XIX no sentido de autonomía, da liberdade... pero encontro normal que as persoas queiran dedicar tempo a estar xuntas, ou á maternidade, que na miña concepción persoal é un tema moi importante, pesou moito e ocupa moito tempo. O que non me gusta é o ideal romántico de que as mulleres por casar xa non poden facer outra cousa; pero tampouco me gusta a muller independente que non se rodea de afectos e só pensa en ser o número un, paréceme que é pregarse ao modelo masculino capitalista. Eu quero ser unha boa amiga, unha boa nai... e iso leva moito tempo e ao mellor implica ter menos éxito profesional. Temos que mudar na cultura dos homes a importancia que ten coidar dos demais, non só ser o número un.


P.: Para rematar, unha pregunta curta, Galicia en Galicia ou Galicia en España?

Galiza en Galiza e no mundo. No de Galicia e España hai a mesma relación de dominio que podes ver no feminismo.

Reflexion... ando

Línguas cruzadas

Alba Pérez Argibay, 1ºE



Línguas cruzadas é un documental que recolle a opinión persoal de moita xente que vive en lugares distintos, que ten formas de vida diferentes, con ideais propios, de diversas idades e niveis de estudo variados. O tema que trata é a situación actual do galego e a influencia á que está sometido por parte do castelán, xa que son dúas linguas nun mesmo territorio. Na clase tratamos este tema, podemos dicir que estudamos como unha "biografía do galego", o que nos axuda a entender a situación actual da nosa lingua e analizar a razón das distintas posturas que, respecto a ela, existen e formar o noso propio criterio. Por iso, logo dos coñecementos adquiridos quero comentar e argumentar a miña opinión sobre algunhas frases escollidas do documental citado:

"É que o galego é a lingua propia de Galicia, e non todos teñen unha lingua propia..."

A persoa que di isto, un rapaz de cidade, sabe perfectamente o privilexio que temos os galegos de gozar dunha lingua exclusiva que nos caracteriza pero dá a entender que tampouco fai uso dela, é dicir sabe o que debería facer pero de aí a que o faga é outro cantar. É a realidade, hoxe en día, todos sabemos iso, o que "deberíamos facer".

"O galego cerrado é así..., é cando..., é... .."

Non me gusta esta frase, o galego cerrado para min é unha característica fonética e cando a xente fala del, faino como se falara dun nivel inferior do galego. A lingua é algo moi noso cada un ten o poder de usala como guste.

"Non, non hai discriminación por causa de lingua, cada un pode falar o que queira" Ben, isto é certo a medias, pois, é certo que cada un pode falar o que queira, pero o que tamén é certo que en Galicia aínda quedan moitos vestixios infravaloradores procedentes do franquismo cara ó galego. Isto quizais o pense unha persoa castelán falante e que nunca notou discriminación ou infravaloración por usar o galego en determinados ámbitos.

"Hoxe en día o galego non é útil" Unha idea rotunda: "o galego non serve para nada". En absoluto estou de acordo, como se pode dicir iso dunha lingua? Unha unidade tan complexa e chea de riqueza. Unha lingua latina que serve de gran axuda para comprender outra lingua da mesma procedencia. Deixando a un lado o valor cultural e identificativo, o galego é unha lingua histórica e, como tal, merece un respecto por todos nós.

"Se eu puiden empezar a falar galego, calquera pode facelo" Con esta frase non me identifico, pois o galego non o hai que poder falar, porque poder podemos todos e contamos con coñecemento de sobra, o que tiña que dicir é: para falalo hai que sentilo.



"*Eu fun discriminada por falar galego*" Triste, pero certo. Créoo ben. Pois como xa comentei con anterioridade, hai xente que por diferentes motivos pensa que o galego é inferior é, polo tanto, se o consideran inferior, ás persoas que o falan tamén as considerarán inferiores e discriminaranas.

"*O galego non é moderno: non hai música, non está en internet...*" Pois pode que non sexa moderno, algo que é moderno con frecuencia é coñecido e gústalles a todos, a isto digo: "fagamos, entón, do galego unha moda".

"*O galego normativo é artificial*" Dóeme dicilo pero eu creo o mesmo, e direi porque. O galego que sae nos libros non é o que falan meus avós, non é o que me ensinaron meus pais, non é o que escoito no patio, non é o que me falan na praza, non é o que ten Rosalía nas súas obras... Non me sae natural, a pesar de coñecelo, e síntome incómoda usándoo. Pero tamén recoñezo que me gusta que exista e que esta normativización é necesaria para o idioma e os seus falantes.

"*Nós non o falamos pero valorámolo*" Soa moi ético, verdade? Pois a min provócame arcadas! Sinto a dureza ó expresarme pero sóame tan falso e patético como se o dixera un político.

"*Falar castelán é unha moda*" Eu non o vexo así, falar castelán é escoller nun territorio bilingüe a lingua que máis che guste ou que

máis che brinde, pero non por moda. O que hai certo niso é que ó mellor entre determinados grupos de mozos e mozas o castelán sexa a lingua que has de usar para "triumfar", como unha especie de carne Vip.

"*Se vas á aldea e falas castelán, tamén te miran mal*" Estou de acordo, eu mesma teño escoitado a persoas que viven na aldea discriminar a outras por falar castelán. É como se non fora necesario na aldea, algo así a ser pedante nunha conversa con amigos. Como se ese nivel de "sabedoría" se quedara grande na aldea. Eu defendo que a cidade non é exclusiva do castelán, nin a aldea do galego.

"*As rapazas falan todas castelán, porque é máis pijo*" Estame dicindo que o galego non é pijo? Non ten caché? Ou que o ideal que se fixo da muller feminina no século XIX, que tiña como calidades propias das mulleres a delicadeza e refinación está latexando aí?

"*O galego perdino na escola*" É certo, o galego de moitos nenos e nenas pérdese na escola, xa que entran en contacto cun ámbito no que prima o castelán e todo o mundo se dirixe a eles nel, e polo tanto estás nunha época de formación como persoa na que queres ser normal coma todos e acábalo falando. Isto tamén pode ser debido a que por moitas leis de dar materias en galego e normalización que haxa non son suficientes para contrarrestar o efecto castelanizador da sociedade.

CRE QUE HAY LIBERTAD DE IDIOMA?
DO MEU NON SENJORA!



O Carrabouxo



Aduaneiros sen fronteiras

"Os nosos seguidores pídenos as letras dos temas en galego" Que a xente pida cancións en galego é un detonante para que o galego estea de "moda" e sexa unha lingua normal que goza de cancións como o castelán ou inglés.

"Algo hai, se non houbera conflito lingüístico non estariades gravando isto" Si, hai conflito lingüístico, claro que o hai; como dicía no comezo, son dúas linguas e un só territorio, entre elas hai unha constante loita por gañar o maior número de falantes.

Ben, unha vez dada a miña opinión persoal, creo que é sinxelo imaxinar o que penso sobre o galego, os galegos e Galiza. Pero gustaríame dicir algo máis, sendo consciente de que pode soar repetitivo (aínda que tamén certa é unha expresión popular que di: "a base de repetición aprende o burro a lección..."). Galiza está formada por galegos, e ser galego non é só ser nado en certo lugar, é algo máis, é ser representante dunha cultura, unha identidade propia, o resultado de séculos de evolución e que debería ter como un dos principais trazos

característicos o uso da lingua galega como unha seña de identificación entre nós.

A lingua galega cada día perde máis falantes e tamén gaña algúns si, pero son menos. Se os galegos deixan de usala, esta, morrerá en pouco tempo, e con ela a nosa historia. Hai quen entende que o galego é un elemento de separación pero eu véxoo como de unión porque nos une, une a persoas cunha mesma fala. Creo que ninguén debe ser obrigado a falalo porque usalo xa tiña que ser un sentimento que nacera de nós e que en moita xente non nace, ou tratan de agochalo para formar parte da homoxeneidade española. Un exemplo é que unha parte da poboación pedía a derogación da Lei de Normalización Lingüística, isto é algo moi duro porque se os galegos non defenden a súa fala, non vai vir ninguén de Madrid a facelo por eles. E aí está o gran problema que ten Galicia dende hai moitos anos, que mentres mexan por nós empeñámonos en dicir que chove.



Xaquín Marín



Suso Sanmartín

Paula tiña unha familia pequena

Idalia Mariña Oubel Castro, 4º ESO



suicidio é a terceira causa máis importante de morte entre os xoves de 15 a 25 anos.

Non dispoñía de moitos amigos. Vivía nunha vila pequena, tranquila. Era unha rapaza de dezaseis anos, e poderíase dicir que aparentemente era normal.

A adolescencia é un período de desenvolvemento de moito estrés, cheo de cambios.


Tiña o pelo castaño, estatura media, sempre andaba mirando os pes e tiña uns enormes ollos verdes, sempre atentos o todo o que pasaba no seu reducido mundo.

Estes cambios soen provocar ansiedade e depresión.

Non chamaba a atención, era tímida.

En moitas ocasións todo isto provoca unha tentativa de suicidio.

Non destacaba academicamente, non causaba problemas. Falaba cunha compañeira de clase, pero nunca chegara a acercarse a ela o suficiente como para ter a confianza necesaria para considerala a súa amiga.



Este intento presenta o problema da depresión como vivencia existencial e como unha verdadeira crise da adolescencia.

Escribía nun diario. Gustáballe ler.

A manipulación da idea da morte soe ser frecuente.

No seu interior apodrecía a fermosa alegría da xuventude.

Hai rapaces que ven no suicidio unha forma de pedir auxilio.

Era consciente da súa pena, aínda que non tiña idea de onde procedía. Supoñía que un pouco por todo.

Este é un tema que soe silenciarse, evadirse, posto que destapalo cuestiona o sistema familiar e social no que vivimos.

Ela levaba tempo dándolle voltas a unha idea.

É importante coñecer e reflexionar as causas que levan a un mozo á autodestrucción.

A soidade non a deixaba durmir, xa non tiña fame, choraba por nada. Sentíase moi mal. Xuntábaselle todo. A angustia non lle permitía respirar.

A forma que ten o individuo de interactuar co seu medio, e como afecta á súa personalidade, son causas que determinan que o individuo intente suicidarse ou non.

Na casa as cousas púñanse difíciles. Non entendían a súa situación. Seus pais non sabían o que era sentir aquilo...

Todos os suicidios falan de crise emocional, unha perturbación na forma en que se vive, un desacordo social...

Paula tiña medo.

Outro tipo de suicidio é o submeditado, onde a intención de morrer non é consciente, de xeito que a vítima, autodestrúese lentamente.

No armario branco do baño, onde se gardaba a auga osixenada, había un bote de somnífe-



Fábula: coa lingua na raíz

José Manuel Busto Leis, 3º ESO

ros. Súa nai utilizábaos de cando en vez. Pero ela pensaba na idea de durmir para sempre, e non lle soaba nada mal.

É unha forma indirecta de autodestrución, consiste na ingestión de substancias nocivas para a saúde.

Na caixa azul do fondo do andel de detrás da porta da súa habitación, Paula gardaba un paquete de tabaco dende había tempo, non tiña o costume de fumar, non lle resultaba agradable, pero era consciente de que nesa caixa había algo máis...

A medida que o tempo pasa, as cousas cambian; e hai xente incapaz de asumir estes cambios.


O domingo despois de cear, foi ó armario branco do baño; despois, na súa habitación rescatou do fondo do andel a caixa azul. Mirouse por última vez no espello do seu cuarto. O seu rostro amosábase difuso, apagado, triste...

Paula tomara a derradeira decisión inconscientemente; pola súa boca dende o seu nariz esvaraba un regueiro de sangue, a presión provocáballe hemorrxias. Dicíalle adeus ó mundo.

Paula tiña unha familia pequena.

O suicidio é a terceira causa máis importante de morte entre os xoves de 15 25 anos.

*Un neno solitario procurando a felicidade
Sobre as sombras do pasado corre o futuro
A felicidade atópase ó longo do camiño, non
ó final del.*



A gran árbore centenaria estaba a piques de morrer. Precisaba auga urxentemente, pero sabía que xa ninguén se preocupaba por ela. Antes de deixar caer a súa última folla rememorou tempos pasados.

Recordou como chegara alí sendo aínda unha semente e como medrara pouco a pouco, grazas aos cuidados das xentes que pasaran por aquelas terras. Si, tivera momentos gloriosos, pero tamén atravesara malas épocas. Os que antano a utilizaran con orgullo agora avergoñábanse delas.

Xa todo estaba perdido. Coma unha bagoa amarga, a última folla azoutada polo vento desprendeuse da rama, e a gran árbore centenaria sumiuse na eterna invernia.

E agora que?

Adriana Fuentes e Cristina Piñeiro 1º B



Non é nada novo o conflito entre o galego e o castelán. Dende hai tempo, o galego estivo nun segundo plano como lingua minorizada.

Agora, co cambio de Goberno en Galicia, o PP quere derrogar o decreto de normalización lingüística e propón a elección a nais e pais de escoller a lingua na que queren educar as súas fill@s.

A simple vista, non parece tan mala proposta, pero se analizamos, detrás está a defensa dun monolingüismo encuberto. Esta conlevaría novos conflitos como por exemplo, a discriminación de nen@s por causa da lingua escollida, a perda da aprendizaxe da cultura e da lingua (castelá ou galega) xa que as linguas apréndense falando e escoitando e se non nos dan a opción de expresarnos nelas loxicamente non podemos corrixirnos....

O galego forma parte da nosa identidade, por iso, non debemos deixar que se extinga. Actualmente, estase loitando en prol da lingua con campañas de diversas institucións (A mesa, a RAG...). Se xuntos colaboramos na defensa do galego, poderemos ter unha verdadeira situación de bilingüismo.

Falan as paredes



Co-labor... accións

Grupo de Igualdade



contrario da igualdade non é a diferenza, senón a desigualdade...

e porque a desigualdade entre mulleres e homes aínda é un feito na nosa sociedade, creamos este ano o Grupo de Igualdade, do que formamos parte mozas, mozos, profesoras e profesores do instituto. Loitamos por un mundo diferente, un mundo que respecte todas e cada unha das diferenzas entre as persoas e os colectivos humanos, e isto só é posible desde unha igualdade real, non só de dereitos, senón tamén na vida cotiá.

Por iso, desde o comezo de curso levamos a cabo distintas actividades das que podemos destacar a elaboración dun diario propio no que analizamos e anotamos todo aquilo que nos chama a atención nos medios de comunicación, no instituto, no ámbito familiar, en relación coa desigualdade entre os sexos, o machismo, a publicidade sexista, as relacións xerárquicas ou de poder. Tamén participamos nas Xornadas realizadas no instituto que se levaron a cabo pola conmemoración do Día das Mulleres, o Oito de Marzo. En cada un dos cursos fixéronse diferentes actividades, e foi o noso grupo o encargado de coordenalas:

nosso grupo o encargado de coordenalas: proxección de películas e curtametraxes, charlas, etc. Todo isto co fin de reflexionar acerca do papel das mulleres na sociedade, da súa secular subordinación ao varón e da posibilidade de mudar este estado de cousas.

Ademais colaboramos co Concello de Caldas noutro evento, nas Xornadas de Igualdade da vila, e recitamos poemas o domingo, Oito de Marzo, na praza das palmeiras . O sábado impartimos un relatorio sobre o sexismo nos contos infantís, e proxectamos distintas curtametraxes no auditorio de Caldas, explicamos quen somos e que facemos, diante dun auditorio de máis de 60 mulleres da vila.

Neste momento estamos levando a cabo outro traballo, que pretende unha reflexión colectiva sobre o uso sexista dos espazos do centro. A través de enquisas repartidas a alumnado e a profesorado, queremos visibilizar e provocar unha reflexión crítica



sobre as causas do reparto sexista dos espazos, contribuíndo a erradicar esa desigualdade no noso centro, ocupando o noso propio espazo.

Aínda que pensamos que a día de hoxe avanzamos respecto ao tema da igualdade entre mulleres e homes, a realidade é que aínda estamos ben lonxe de acadar unha situación xusta. Isto vese reflectido no día a día. Se nos fixamos no noso centro podemos observar unha distribución desigual dos espazos (o patio está ocupado maioritariamente por rapaces), a utilización



A distribución dos espazos

Reflexión en Igualdade dun alumno.

dunha linguaxe sexista, a invisibilización das mulleres nbs libros de texto, os comentarios misóxinos de moitos autores e autoras de literatura, etc. Ademais, non aparece por ningures todo aquilo que a cultura das mulleres leva achegado á civilización humana ao longo dos séculos, só aparece o masculino.

Cremos que desta experiencia podemos sacar moitas cousas positivas, aprendemos moito en cada unha das nosas reunións xa que non só falamos do que pasa no centro senón que tamén falamos doutras culturas, dos medios, da sociedade... e o máis importante é que grazas a iso reflexionamos sobre cousas do día a día, vemos a realidade a través dunhas gafas violetas: a desigualdade está naturalizada, é algo no

No noso instituto, en teoría, calquera, sen atender a diferenzas de ningún tipo pode utilizar calquera dos servizos que este ofrece. Porén prodúcense varias circunstancias que propician a separación dos espazos:

A máis clara: os mozos van por un lado e as mozas por outro, isto dáse en moitísimos casos.

Casos particulares, como o tenis de mesa. Neste caso, a pesar de existir días asignados ás rapazas, elas non adoitan xogar e, polo tanto só os rapaces as empregan, ademais non se promociona o uso da mesa. Noutros casos, como o baloncesto ou o fútbol, xa non é que non se promove o seu uso, é que ademais elas non se ven capaces de realizar estes deportes, e os rapaces non axudan deixándoas sempre para o final á hora de elixir.

As rapazas, cando están xuntas no recreo, están arrecunchadas en lugares pequenos e normalmente sentadas, mentres que os rapaces están xogando a algún deporte ou facendo algunha actividade.

No caso da cafetería, os rapaces sempre chegan moito antes e, incluso agresivamente, pelexan por seren atendidos primeiro, mentres que as mozas esperan resignadas e pacientemente.

Na propia clase a diferenza máis salientable é a práctica ou non de deporte, polo resto todos nos relacionamos igual con independencia do noso xénero.



Manifiesto

Nestes días volve estar de actualidade nos medios de comunicación o tema do aborto, posto que o actual goberno está dando a coñecer o texto do Anteproxecto da ampliación da Lei do aborto. E ante isto o Grupo de Igualdade quere expresar a súa opinión.

Como é sabido, na situación actual, o aborto non é libre posto que as mulleres só podemos abortar en tres supostos: malformación do feto, risco para a saúde física da nai e risco para a saúde psíquica da nai. O anteproxecto que se presenta pretende ampliar estes supostos indo cara á unha lei de prazos pero isto non está ben visto por parte da sociedade, sobre todo por sectores vinculados á Igrexa Católica, que promulga entre os/as seus/súas crenzas que o aborto é un asasinato, e polas persoas conservadoras que se posicionan fortemente en contra do mesmo.


Nós non estamos en absoluto de acordo. Pensamos que a muller ten que ter o dereito indiscutible a realizar a interrupción voluntaria do embarazo, o dereito ao aborto é un dos dereitos que conforman a base da liberdade para calquera muller.

Pensamos tamén que toda muller debe ser debidamente informada sobre este tema para que poida tomar unha decisión. Ademais é moi necesaria unha educación sexual responsable que evite, sobre todo nas rapazas novas, esta situación.

Manifestamos que os nosos corpos son nosos e, polo tanto, nós decidimos sobre eles. Reclamamos o dereito ao aborto libre e gratuíto, pois é pleno dereito das mulleres ser donas do seu corpo e vivir libremente a súa sexualidade.



Jesús Lozano Guzman



Preservar o dereito de elección.

Cartel de Tindy Col-Zrelansky.

EEUU. 1993

Álbum de fotos



Alumnado do club de lectura do instituto participando na actividade organizada en colaboración coa Biblioteca Municipal: "A Mocidade Conta"



Acción-performance no día da Paz, 30 de xaneiro



Ciclobiblioteca que deixou no instituto Carballoconbotas para ler e pasear!



Probando, probando... a nova máquina de chapas!



Alumnado de Introducción ás Ciencias Políticas de 2º de Bacharelato no obradoiro sobre drogo-dependencias con reclusos de Monteroso.



Charla para o alumnado de 2º Bach. do recoñecido artista uruguaio Clemente Padín sobre arte de acción.

Álbum de fotos



Alumnado de 1º de ESO no Grove esperando o Catamarán Entre-mareas... de choiva



Alumnado xogando ao bádminton



Xornada de limpeza no 3 de abril. Por un instituto con-con-ciencia ecolóxica!



Equipo de 3ºESO gañador do torneo de fútbol 3x3. Daniel Barros Jamardo, Fabián Chantada Barreir, Jorge Froján Abalo, Juan Monteagudo Calviño




Asinando




Cristina Janza

Casa a Nosa Terra


Primeiro prato:

 Matemáticas, con ou sen ecuacións

Segundo prato:

 Lingua castelá, a escoller entre literatura ou análise

Sobremesa:

 Por cortesía da casa, Galicia, en Galego ou Castelán.

"Liberdade para ser ignorantes"